

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTE CALDELAS

Contratos administrativos

CORRECCIÓN ERROS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE TRES FOTOCOPIADORES EN RENTING E O SEU MANTEMENTO

Corrección de erros do expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, do contrato de subministro de tres fotocopiadoras en réxime de renting e o seu mantemento do Concello de Ponte Caldelas.

Pola presente publícase ós efectos correspondentes a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 499/2014

En diversos departamentos do Concello de Ponte Caldelas, en concreto en Servizos Sociais, na Casa da Cultura e na Gardería-Ludoteca existen tres fotocopiadoras que, dado o seu grao de obsolescencia, é necesario a adquisición dunhas novas e o seu mantemento.

En data 02.06.14 realizouse unha providencia de inicio para a contratación de catro fotocopiadoras e, dado que para a Oficina Técnica pódese suplantar a fotocopiadora existente por unha impresora multifunción A4, que realice as funcións de impresora, escáner e fotocopiadora, e esta sería suficiente, en data 29.07.14 realizouse unha nova providencia para que a contratación se realice para tres fotocopiadoras e o seu mantemento: unha para o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ponte Caldelas, outra para a Casa da Cultura e outra para a Gardería-Ludoteca.

A modalidade pola que pretende adxudicar é o de procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación do contrato de subministro de tres fotocopiadoras en réxime de renting do Concello de Ponte Caldelas.

Á vista de que se redactou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, á vista de que o día 23.10.13 foi emitido pola Intervención un certificado de existencia de crédito, á vista do Informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 23 de outubro de 2014, se procedeu a aprobar o expediente de contratación e a apertura da

licitación mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de quince (15) días hábiles os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

A vista de que no Prego de cláusulas Administrativas se produxo un erro na formula para calcular o a oferta mais ventaxosa no apartado 3.Coste copia/impresión sen IVE (puntuación máxima 2 puntos).

A vista de que o artigo 105 2. da Lei 30/92 establece o que segue; “ As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.” e á vista das miñas competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

PRIMEIRO:

Que onde dicía: “Custo copia ou impresión ofertado
Menor Custo copia ou impresión ofertado”,
debe decir: “Menor Custo copia ou impresión ofertado x1
Custo copia ou impresión ofertado

SEGUNDO:

Que se Publique esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante e no Taboleiro de Anuncios deste Concello abrindo un novo prazo de quince (15) días hábiles a contar dende a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para que os interesados poidan presentar as súas proposicións.

Ponte Caldelas, 1 de decembro de 2014.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.—O Secretario, Jacobo Barreiro Pimentel

2014019846